

EDICTO

Para cumprir o disposto no artigo 135.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade para a contratación da obra "ACONDICIONAMENTO DA AIRA DA PICOTA" obra en Convenio coa Consellería de MATI, adoptado mediante resolución da Alcaldía de data 28 de abril de 2010, có seguinte contido:

"Logo de ter lugar a contratación para adxudicar as obras que despois se referenciarán, mediante procedemento negociado sen publicidade celebrado e, logo de ver a acta que contén as actuacións levadas a cabo pola mesa de contratación.

No exercicio das atribucións que me outorga a lexislación que resulta de aplicación, polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación celebrada e en consecuencia adxudicar provisionalmente a execución das seguintes obras:

OBRA:

Acondicionamento da Aira da Picota, en Laza. (Convenio coa Consellería de MATI)

ADXUDICATARIO:

VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

DOMICILIO SOCIAL:

Crtra. de Laza, 22. 32600 Verín (Ourense)

CANTIDADE NA QUE SE ADXUDICA A EXECUCION DAS OBRAS:

Oitenta e sete mil euros (87.000,00 euros)

MELLORAS OFERTADAS:

"Suministro y colocación de dous proxectores de microled de 15W cada un, perfectamente instalados e conectados á rede

"10 m2 de reposición de paramentos verticais da vivenda afectada, mediante enfoscado, e pintado, totalmente rematado"

VALORACION ORZAMENTO DE EXECUCION POR CONTRATA:

1.219,00 euros.

PUNTUACION OBTIDA:

9.00 puntos

GARANTIA DEFINITIVA:

OBRA: 4.350,00 euros. MELLORAS: 60,95 euros.

DIRECTOR TECNICO:

Enxeñeiro de camiños autor do proxecto técnico.

SEGUNDO. Para que a adxudicación provisional que se acorda sexa elevada a definitiva, requírese ó adxudicatario para que no improrrogable prazo dos 5 DIAS HABILES seguintes ó da notificación deste acordo aporte os seguintes documentos:

- Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Documento constitutivo da garantía definitiva polo importe sinalado, como requisito previo á sinatura do contrato.

TERCEIRO. Para a sinatura do contrato que se subscribirá en documento administrativo ante o Secretario do concello queda facultado o Alcalde, José Angel García Moráis.

CUARTO. En cumprimento da cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, notifíquese a presente adxudicación a tódolos participantes na licitación.

Laza, 28 de abril de 2010. O Alcalde, José Angel García Moráis.